



Subvencións para a renovación de electrodomésticos e a implantación de domótica enerxética para o ano 2020.

A Axencia Instituto Enerxético de Galicia establece as bases reguladoras para a concesión de subvencións para a renovación de electrodomésticos e a implantación de domótica enerxética, en réxime de concorrencia non competitiva, así como a selección das entidades colaboradoras que participarán na súa xestión, e se procede á convocatoria para a anualidade 2020 (IN414B e IN414C). (DOG nº 99 do 25/05/2020).

Poderán ser **beneficiarios** as persoas físicas e, os considerados consumidores vulnerables ou vulnerables severos que sexan beneficiarios do bono social eléctrico que realicen algunha das **actuación subvencionables** nunha vivenda sita na Comunidade Autónoma de Galicia.

Actuacións subvencionables:

a) Actuación 1: Plan Renove de electrodomésticos

Electrodomésticos subvencionables	Axuda máxima (€/electrodoméstico)		
	Consumidor xeral	Consumidor vulnerable	Consumidor vulnerable severo
Frigorífico e frigorífico-conxelador con clasificación enerxética A+++	150	300	450
Conxelador con clasificación enerxética A+++			
Lavadora A+++			
Lavalouza A+++	100	200	300
Placa de inducción total			

*Un beneficiario só poderá recibir axuda pola substitución dun único electrodoméstico de cada unha das tipoloxías de equipamentos incluídos e cun máximo de dous electrodomésticos por beneficiario.

*A cantidade da subvención non poderá ser superior ao 25 % do prezo do electrodoméstico para un consumidor xeral, do 50 % para consumidores vulnerables e do 75 % para consumidores vulnerables severos.

b) Actuación 2: Instalacións domóticas enerxéticas

Instalacións domóticas subvencionables	Axuda máxima (€/equipamento)
Monotorización térmica da vivenda (sensores de humidade, temperatura, CO ₂ e/ou radon e termostatos comunicados cun equipamento centralizado).	500
Monotorización eléctrica da vivenda (medidores de consumo, racionalizadores de potencia, actuadores para a programación de acendidos e fotocélulaas comunicados cun equipamento centralizado).	500

*A cantidade da subvención non podrá ser superior ao 50 % do prezo da instalación, porcentaxe que sobe ata o 65 % para consumidores vulnerables e ata o 80 % para consumidores vulnerables severos.

Forma de presentación de solicitudes (IN414C)

- As solicitudes subscribiránse directamente as entidades colaboradoras.
- Na páxina web do Inega (www.inega.gal) estará dispoñible unha listaxe de entidades colaboradoras adheridas a esta convocatoria de axudas.

Prazo de presentación

- Solicituds de adhesión das entidades colaboradoras: do 26 de maio ao 30 de xullo de 2020.
- Para solicitar a súa adhesión a entidade colaboradora cubrirá e confirmará o formulario de adhesión (anexo II).
- Para solicitar as **axuda**: comezará o 1 de xullo de 2020 ás 9.00 horas para a **actuación 1** e o día 2 de xullo de 2020 ás 9.00 horas para a **actuación 2** e rematará o 30 de setembro de 2020 ou **cando se esgoten os fondos**.

Para máis información nos Servizos Sociais ou chamando ao telef.: **981-73 70 04.**

Camariñas, 1 de xuño de 2020

A Concelleira de Servizos Sociais e Igualdade,

Begoña Tajes Méndez

Este documento ten exclusivamente carácter divulgativo sen que o seu contido teña valor xurídico vinculante.